



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E OS SEUS FILLOS E FILLAS MENORES, QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

REUNIDAS

Dunha banda:



Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

Doutra:



O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (CIF Q1500265B) representado por D^a. M^a Rosa Álvarez Prada, nomeada decana da súa xunta de goberno tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 22 de maio de 2018, actúa en representación deste, segundo dispón o artigo 31 dos seus Estatutos.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

MANIFESTAN

PRIMEIRO.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

SEGUNDO.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

TERCEIRO

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.



CUARTO.

Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 DE 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a “necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres”. Ditas accións inscribíense no marco do seguimento da Plataforma de Pekín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

QUINTO

Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliase, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

SEXTO:

Que a medida 64 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de establecer un sistema de acompañamento e de axuda na toma de decisións á mulleres vítimas da violencia de xénero, co fin de evitar a súa desprotección e garantir o dereito á asistencia social integral prevista no artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004. Pola súa banda a medida 91 do Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle a conveniencia de asegurar coas CCAA competentes na materia, a atención psicolóxica para todas as vítimas e as súas fillas e fillos.



SÉTIMO

Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten entre os seus fins fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.

OITAVO.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, unha atención personalizada e especializada e permanente a través dun servizo de quenda de garda psicolóxica permanente.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

A atención terá carácter inmediato para as posibles situacións de urxencia, e prestarase a requirimento das forzas e corpos de seguridade, naqueles casos nos que se cumpran os criterios para a activación deste servizo, que poderá prestarse as 24 horas do día, os 365 días do ano en todos os partidos xudiciais da CCAA de Galicia.

SEGUNDA.- OBXECTIVOS DO SERVIZO

O servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero ten como obxectivos:

- Detectar as necesidades psicolóxicas da persoa en situación de violencia de xénero e facilitar a súa cobertura.
- Asegurar o funcionamento adaptativo básico da persoa na situación que está a afrontar.
- Previr a posibilidade de vitimización secundaria.



- Buscar a coordinación co resto de operadores que estean a intervir na situación concreta.
- Facilitar información sobre os recursos e itinerarios de axuda a disposición das vítimas de violencia de xénero na CCAA de Galicia.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA AS/OS PROFESIONAIS

Os/as psicólogos/as que presten o servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero serán seleccionados/as entre as persoas colexiadas que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade determinada polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia:

- Ter acreditada formación especializada nas seguintes áreas: na área de xénero, violencia de xénero con mulleres e menores, intervención en crise dentro do contexto das emerxencias e na área da psicoloxía xurídica e forense. Esta formación ten que ser xustificada documentalmente, non computable a cursada na Licenciatura ou Grao de Psicología, e deberá proceder da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos e/ou impartición como docente de formación nas áreas citadas.
- Contar cun mínimo de experiencia profesional acreditada de tres anos en ámbitos de similares características, non sendo computadas horas de prácticas nin voluntariado.
- Ser psicólogo ou psicóloga colexiada e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- Estar en disposición de poder facturar ou declaración xurada de estalo en caso de incorporación á listaxe que se confeccione para a quenda de garda psicolóxica especializada e permanente
- Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional ou declaración xurada de estalo en caso de incorporación á listaxe que se confeccione para a quenda de garda psicolóxica especializada e permanente
- Compromiso de dispoñibilidade de intervención no/s partido/s xudicial/ais ao/s que se adscriba.
- Compromiso de asistencia as actividades específicas organizadas polo servizo.
- Non ter sido sancionado/a deontoloxicamente nos últimos doce meses anteriores á entrada en vigor deste convenio.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

As e os psicólogas/os que entre a formar parte da lista para a quenda de garda asinarán un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así como do compromiso de actuación que para a quenda segundo as indicación que se determinen dende o Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

CUARTA.- ENTIDADES DERIVANTES E PROCEDEMENTO DE ACTIVACIÓN

Para os efectos do presente Convenio as entidades derivantes que poden activar o servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os



seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero son as seguintes:

- Forzas e corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia.
- Policía Autonómica e Policía Local de Galicia.

O servizo activarase nos casos de urxencia e en momentos inmediatamente posteriores a terse producido unha situación violenta ou agresiva, de gravidade alta ou extrema, e así valorada pola entidade derivante, e cando non exista no territorio ningún servizo público de atención psicolóxica, ou fóra do horario deste.

O procedemento de activación comenzará cunha chamada ao Teléfono de Información ás Mulleres, 900 400 273, operativo 24h os 365 días ao ano, que á súa vez porase en contacto coa persoa da quenda de garda correspondente para garantir a presenza inmediata do/da psicólogo/a no lugar sinalado pola entidade derivante, sempre que se trate dun caso de violencia de xénero.

Para a activación do servizo, a entidade derivante deberá identificar á persoa que realiza a activación e achegar o consentimento da vítima, segundo o modelo que se determine conxuntamente entre a Secretaría xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

QUINTA.- COMPROMISOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente convenio, facilitando os/as psicólogos/as da quenda garda psicolóxica, especializada e permanente as 24 horas os 365 días do ano.

Igualmente, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia realizará a coordinación do servizo de garda psicolóxica, especializada e permanente e o seguimento profesional das/dos psicólogas/os que presten este servizo, podendo substituír a calquera profesional que non desenvolva as súas funcións axeitadamente, a xuízo do propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ou da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste convenio, non levará en ningún caso o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación en 2018 por un máximo de 30.000 €, concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

SEXTA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a cantidade de 30.000 € (trinta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de



proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 de acordo coa seguinte distribución:

.Importe máximo para o servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente e para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero : 25.020€

.Importe máximo tarefas de coordinación: 3.000€

.Importe máximo tarefas de formación: 1.000€

.Importe máximo dietas desprazamento: 980€, sempre que o dito desprazamento se produza a unha localidade situada a máis de 20km de distancia da localidade onde reside o/a profesional da quenda de garda activado/a.

Total gastos: 30.000 euros

SÉTIMA. CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.

OITAVA.- FORMACIÓN

As psicólogas e psicólogos do servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores, deberán cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan, sendo obrigatorio, pola menos, que realicen unha actividade formativa anual.

Con este fin a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborarán conxuntamente os programas formativos mínimos aos que se deberán axustar todos os cursos de especialización que se celebren.

De estimarse oportuno, poderán incorporarse á dita formación as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade e co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no tratamento da violencia contra as mulleres e dos seus fillos e fillas menores, sen que a súa participación implique a posibilidade de participar no servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero.

O importe que resulte da organización e impartición da formación recollida neste apartado poderá ser imputado ao presente convenio.



NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de outubro de 2018 e o 15 de decembro de 2018, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 18 de decembro de 2018. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.



DÉCIMA- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento do servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores establecido neste convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza antes do 31 de xaneiro de 2019:

a) unha memoria final de actuación por cada partido xudicial: na que se recollerán, desglosados todos os servizos prestados, con indicación de:

- N° total de solicitudes de intervención
- N° de solicitudes de intervención en sede policial (garda civil)
- N° de solicitudes de intervención en sede policial (policía nacional)
- N° de solicitudes de intervención en sede policial (policía autonómica)
- N° de solicitudes de intervención en sede policial (policía local)
- N° de solicitudes de intervención noutros lugares, se fora o caso
- N° de mulleres con denuncia previa á intervención
- N° de mulleres con denuncia posterior á intervención
- N° de mulleres ás que se lle dita orde de protección
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- N° de persoas atendidas
- N° de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade
- N° de persoas inmigrantes atendidas
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e n° de expedientes que atenderon .
- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.

b) Unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.



DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias do servizo de quenda de garda psicolóxica especializada permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero e deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a denominación do programa.

b) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de asesoramento e derivación e a mensaxe telefónica do contestadores automáticos e a información en páxinas web.

d) No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá facilitar unha relación co nome e apelidos, localidade e provincia das/dos terapeutas que integran a quenda de garda psicolóxica especializada permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas da quenda, estas serán comunicadas inmediatamente á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así mesmo o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comunicará no prazo de 10 días dende a sinatura do convenio quen é o/a coordinador/a do programa recollido neste convenio.

e) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS


En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo



que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO



En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.



Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2018.

DÉCIMO SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as persoas ou profesionais dependentes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.



DÉCIMO SÉTIMA- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despuxese.

DÉCIMO NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e



na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: A Decana do Colexio ou persoa que dispoña para que a substitúa.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Rosa Álvarez Prada